

### **O PSOE de Guitiriz atribúe o problema do subministro de auga de Parga “á deixación que vén demostrando o alcalde nos últimos tres anos”**

Regina Polín lamenta que os cidadáns “sexan os que paguen as consecuencias do desentendemento do rexedor e do seu equipo de goberno, pois tiveron a oportunidade de solventar este problema se continuasen co proxecto que deixáramos encamiñado os socialistas”

“Teixido sempre di que non hai cartos. En realidade nunca os ten para dar servizos aos veciños, pero sen embargo si que ten 200.000 euros para manter os catro salarios do concello. Esiximos que repare esta situación no menor tempo posible”, afirma a socialista

Cando Regina Polín estivo á fronte da xestión municipal, e “en aras de evitar que esta situación chegase a producirse algún día”, encargou a realización dun estudo exhaustivo para optimizar o funcionamento do subministro; proxecto a partir do cal se investiu preto de 1 millón de euros na reforma do punto de captación e na construción dunha depuradora de última xeración

**GUITIRIZ, 12 DE NOVEMBRO DE 2014.-** Os socialistas de Guitiriz atribúen o problema que están a ter os veciños de Parga co subministro de auga “á deixación que vén demostrando o alcalde nos últimos tres anos”. E é que, dende que Teixido está no Goberno, afirman, “os problemas neste eido son continuos”. Deste xeito, a voceira do PSOE neste municipio –Regina Polín– lamenta que os cidadáns desta localidade “sexan os que paguen as consecuencias do desentendemento do alcalde e do seu equipo de goberno”, pois o problema quedara resolto co proxecto do Partido Socialista cando estivo á fronte do concello.

“Chegouse a esta situación porque a despreocupación do goberno municipal é notoria. Todos son corresponsables. O alcalde sempre di que non hai cartos. En realidade nunca os ten para dar servizos aos veciños, pero sen embargo si que ten 200.000 euros para manter os catro salarios do concello. Esiximos que repare esta situación no menor tempo posible e que leve a cabo as xestións oportunas para que o subministro sexa potable, xa que os cidadáns de Parga non se merecen volver a ser castigados por estes ineptos, como tampouco se merecen pasar por algo que xa viviron hai anos e que nós deixáramos solventado”, afirma.

Para a socialista os problemas no subministro son unha mostra máis da “desastrosa” xestión do actual equipo de goberno, ao igual que foi, por exemplo, a contaminación de peixes producida no verán. “O PSOE fixo unha forte aposta pola auga e por toda a economía que xurde entorno a ela; algo que o Partido Popular se está encargando de desfacer”, asegura.

#### **Esfuerzo do PSOE**

Concretamente, cando Regina Polín estivo á fronte da xestión municipal, e “en aras de evitar que esta situación chegase a producirse algún día”, encargou a realización dun estudo exhaustivo para optimizar o funcionamento do subministro. Como consecuencia deste, propuxéronse dúas solucións, que ademais de evitar o exceso de mineralización da traída, eran viables economicamente. A primeira, consistía en levar a auga do río e, a outra, da propia traída de Guitiriz. Finalmente, o goberno local optara pola primeira porque en época de sequía o río non seca.

Asimesmo, e en colaboración con Augas de Galicia, tal e como recomendaba o estudo, tamén se acometeu a mellora do punto de captación; un proxecto para o que se destinaron 150.000



## NOTA DE PRENSA

euros, así como a construción dunha depuradora de última xeración, “que hoxe está xestionada por unha empresa e persoal cualificado”, e na que a entidade local investiu máis de 800.000 euros.